

Biblioteca “Moisés Gómez”

C.E.I.P. Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez.

A Coruña, a 15 de Febreiro de 2.024.

Estimados compañeiros e compañeiras:

O 8 de marzo conmemorárase “O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”.

Desde o Equipo de Biblioteca, propoñemos un concurso de relatos, no que a protagonista deberá de ser unha muller e o tema será o cine.

Achegamos ás bases do concurso. Calquera dúbida será resolta polo equipo.

Agradecemos a vosa colaboración.

O equipo da Biblioteca “ Moisés Gómez”

CONCURSO DE RELATOS

BASES

1. Temática da actividade.

O cine con protagonista muller.

2. Obxecto da actividade.

Que o alumnado compoña textos baixo a temática do Proxecto do centro e facendo protagonista a unha muller contribuíamos a construír unha sociedade igualitaria.

3. Requisitos para os/ as participantes.

Poderán participar nesta actividade de forma voluntaria todo o alumnado do centro das etapas de Educación Infantil e Primaria.

4. Data e lugar de entrega.

Os relatos poderán ser entregados polos titores e titoras sinalando a que curso corresponden na Biblioteca “Moisés Gómez” deste centro ata ás 14:00 h. do 15 de marzo de 2.024.

5. Forma de presentación.

En tamaño A4, ademais deben levar escrito por detrás o nome do alumno ou alumna e o seu curso. Non haberá límite de follas.

6. Desenvolvemento da temática.

A obra deberá versar sobre o cine sendo protagonista unha muller.

7. Premios.

Haberá un/ha ganador /a por etapa (Infantil e Primaria), aos que se lle agasallará cun libro dunha autora e publicárase o seu relato na Web do centro.

8. Xurado e fallo.

O xurado estará formado polo equipo de biblioteca que velará polo cumprimento das bases deste concurso e elixirá as obras gañadoras.

O fallo comunicárase o titor ou titora xunto coa devolución das obras dos participantes.

